



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

ACTA

En Arzúa, a 18 de abril de 2018.

Ás 9:40 horas, reúnen no Salón de Comisións da Casa do Concello, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que valorará os méritos que foron alegados e xustificados, polos doce aspirantes que resultaron admitidos definitivamente para participar no proceso de selección, mediante concurso-oposición, para poder seleccionar á persoa que será contratada para desempeñar o posto de traballo de **asesor xurídico do Centro de Información á Muller**, na modalidade de contrato de interenidade a tempo parcial, cunha xornada laboral de doce horas semanais, por un período de tempo que comprenderá ata que se reincorpore a traballadora que foi contratada no seu momento para desempeñar o posto de traballo, cuxa traballadora se atopa na situación de excedencia forzosa ao pasar a desempeñar un cargo público.

E iso, co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Primeira das que rixen o proceso de selección; as cales foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2017.

Asisten a este acto os seguintes catro membros, por canto que a vogal dona Guadalupe Vázquez Ascariz (traballadora social do Concello de Toques), non puido comparecer.

* Presidenta: dona Ana Ramos Ramos (secretaria do Concello de Pontedeume).

*Vogais:

- Dona Mónica Seijas Rey (axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques).

-Dona Ana Vallo Camba (axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto).

*Secretario: Don Juan Colmenares López-Soldado (secretario do Concello de Arzúa), que actúa con voz e voto.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sécator Público; a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, dispoñendo que acto seguido se procedese a efectuar a valoración dos méritos acreditados polos doce aspirantes interesados en participar neste proceso de selección, tendo en conta para iso os documentos acreditativos aportados xunto coas respectivas instancias, para ser valorados de conformidade co Baremo de méritos que figura recollido na Base Décima das que rixen o procedemento de selección, segundo a seguinte ponderación:

I.Experiencia profesional

1. Por servizos prestados como asesor/a xurídico/a dun Centro de Información á Muller: 0,25 puntos por cada mes traballado.

2. Por servizos prestados como profesional do dereito ao servizo de calquera Administración territorial ou institucional, en calquera das seguintes materias: 0,15 puntos por cada mes traballado.

3. Por servizos prestados como profesional do dereito no ámbito privado, nalgunha das materias comprendidas no apartado anterior (2): 0,10 puntos por cada mes traballado.

II.Formación profesional.

1. Pola realización de estudos vinculados coa igualdade efectiva entre mulleres e homes, igualdade de oportunidades, promoción social da igualdade de xénero, violencia de xénero, mulleres pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidades e/ou risco de exclusión social, colectivos de persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais: ata 6 puntos.

- Mil (1.000) ou mais horas: 6 puntos.
- Cincocentas (500) ou mais horas: 4 puntos.
- Mais de cen (100) horas: 2 puntos.

2. Pola realización de cursos de formación impartidos ou homologados pola Administración ou Organismo público correspondente, vinculados coa igualdade efectiva entre mulleres e homes, igualdade de oportunidades, promoción social da igualdade de xénero, violencia de xénero, mulleres pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social, colectivos de persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais: ata 4 puntos.

- Ata 10 horas de duración: 0,10 puntos.
- De 11 a 25 horas de duración: 0,25 puntos
- De 26 a 50 horas de duración: 0,50 puntos.
- De 51 a 75 horas de duración: 0,75 puntos.
- De 76 a 100 horas de duración: 1 punto.

III.Por publicacións e impartición de cursos ou xornadas: valoraranse ata un máximo de 5 puntos.

Se ben antes de proceder a realizar a valoración dos méritos acreditados polos doce aspirantes, admitidos definitivamente neste proceso de selección, procedeuse a estudar a solicitude presentada no día de hoxe, no Rexistro Xeral do Concello, pola aspirante Carolina Fernández Mosquera, por canto que a través de dita solicitude aportou un diploma expedido pola Subdirectora Xeral de Programas do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, con data 3 de abril de 2018, sobre “Igualdade de Oportunidade: Aplicación práctica en Servizos Sociais”, cunha duración de 65 horas, realizado entre os días 28 de decembro de 2017 e o 5 de marzo de 2018.

Considerando os catro membros integrantes da Comisión Seleccionadora que procedía desestimar esa petición, e non admitir o diploma presentado para ser obxecto de valoración na fase de concurso; por canto que o día 21 de decembro de 2017 rematou o prazo de dez días hábiles, previsto na Base Sétima, para a presentación de solicitudes neste proceso de selección, con cuxa solicitude debería achegarse os xustificantes dos méritos alegados que poderían ser obxecto de valoración, e dáse a circunstancia de que o curso ao que se refire o diploma iniciouse posteriormente a esa data.

Deseguido procedeuse a iniciar a referida valoración de méritos dos doce aspirantes; o cal foi levado a cabo durante o período de tempo comprendido entre as 9.50 horas e as 13.30 horas, tras o estudio da documentación aportada por cada aspirante .

Outorgándose -por unanimidade dos catro membros asistentes da Comisión Seleccionadora- as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Experiencia profesional	Formacion profesional	Publicacións e impartición de cursos ou xornadas	TOTAL
Carolina Fernández Mosquera	0,75	2,85	0	3,6
María del Carmen Fernández Rivero	1,5	0,5	0	2
Silvia Carames González	0	1	0	1
Silvia Miguez Pereira	4,08	3,15	0	7,23
Begoña Riveira Barros	25	4	5	34
Alejandra Rodríguez Arranz	0	2,7	0	2,7
Vanesa Dios Otero	0	0,25	0	0,25
Natalia González Vázquez	0	1	0	1
Isabel González Gil	11,49	4	5	20,49
M. Dolores Rodríguez Amoroso	0	3,75	0	3,75
Begoña Rodríguez Fernández	0	3,25	0	3,25
María Isabel Ramos Boo	0,14	4	0	4,14

Unha vez determinadas as puntuacións outorgadas a cada aspirante, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade tamén dos catro membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primero.- Publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, e na páxina web do concello, unha copia da acta estendida da presente sesión, para dar a coñecer aos aspirantes cal foi o resultado desa primeira fase do procedemento de selección, consistente na valoración dos méritos acreditados polos doce aspirantes definitivamente admitidos.

Segundo.- Facer saber a ditos aspirantes que o **primeiro exercicio da fase de oposición**, consistente na realización dunha proba teórica, con carácter obrigatorio e eliminatorio, terá lugar o vindeiro martes día **24 de abril ás 10.30 horas**, no **Salón de Sesións da Casa do Concello**, cuxo exercicio consistirá en contestar a un cuestionario tipo test de trinta preguntas, mais cinco de reserva, sobre o contido do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen o proceso de selección; debendo comparecer os aspirantes provistos de DNI, ou doutro documento que resulte acreditativo da súa identidade a xuízo da Comisión Seleccionadora.

Terceiro.- Convocar aos membros da Comisión Seleccionadora o mesmo día 24 de abril ás 9.30 horas, na Casa do Concello de Arzúa, aos efectos da preparación da proba teórica antedita.

Co dal douse por rematado o acto, as 14.00 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscripta polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente; do que dou fe.